IES RÍO MIÑO
R/ Rosalía de Castro, s/n.
27370 Rábade - Lugo
Tfnos. 982 870 652 - 982 870 653
https://www.iesriomino.gal
ies.riomino@edu.xunta.es

# INSTRUCIÓNS PARA A MATRÍCULA

**Para formalizar a matrícula para o vindeiro curso 2024 – 2025 seguiranse os seguintes pasos:**

**PASO 1:** Comprobar en que prazo ten que formalizar a matrícula.

* **PRAZOS DE MATRÍCULA: do 25 ao 27 de xuño**

| CURSO | |
|---|---|
| 1º ESO | **24 e 25 de xuño** (CEIP Otero Pedrayo e CEIP Virxe do Corpiño).<br>**26 e 27 de xuño** (CEIP Laverde Ruíz)<br>**(PRESENCIAL nas oficinas do centro 9:00 a 13:30 h)** |
| 2º ESO | **Do 25 ao 27 de xuño:** **POR CORREO ELECTRÓNICO** enviando o impreso de matrícula cuberto á conta **matricula@iesriomino.gal** dende a conta de correo corporativo do alumnado **...@a.iesriomino.gal.** |
| 3º ESO | |
| 4º ESO | |
| 1º BAC | |
| 2º BAC | |

**PASO 2:** 1º ESO, encher a documentación dos sobres de matrícula ou descargar documentación da páxina , o 2º, 3º, 4º ESO e BAC acceder á páxina www.iesriomino.gal

**PASO 3:** Ticar onde pon matrícula na parte superior da páxina.




**PASO 4:** Descargar o formulario correspondente ao curso no que se matricule (Ticar en cada ítem para descargar o documento correspondente a cada curso) e **gardalo no ESCRITORIO do ordenador (NON cubrilo directamente dende o navegador web porque non garda os datos cubertos).**

26/04/2024 1º ESO. Documentación matrícula.

Xunto co formulario de matrícula débese presentar no prazo habilitado para o efecto: - 1 FOTO tamaño carnet - COPIA do DNI - INFORME MÉDICO (non oficial): expedido polo médico de cabeceira (O alumnado que teña algunha afección médica que deba ser comunicada ao centro e/ou non teña ao día a cartilla de vacinacións). - SENTENZA DE DIVORCIO OU SEPARACIÓN E CONVENIO REGULADOR de ser o caso.

1º ESO Solicitude de Matrícula

26/04/2024 2º ESO. Documentación matrícula

2º ESO Solicitude de matrícula

26/04/2024 3º ESO e 3º PDC. Documentación matrícula

3ESO_solicitude_matricula_formulario_24_25.pdf | 3º PDC Solicitude de Matrícula

26/04/2024 4º ESO e 4º PDC. Documentación matrícula

4º ESO Solicitude de Matrícula | 4º PDC Solicitude de Matrícula

26/04/2024 1º BAC. Documentación matrícula

1º BAC Solicitude de Matrícula

26/04/2024 2º BAC. Documentación matrícula

2º BAC Solicitude de Matrícula

**PASO 5:** Dende o escritorio do ordenador abrir o formulario descargado e **cubrilo** directamente no ordenador, **gardar** e **mandalo** por correo electrónico **no prazo indicado*** á dirección matricula@iesriomino.gal dende o correo corporativo do alumnado (...@a.iesriomino.gal), accedendo a plataforma www.gmail.com, indicando no asunto do correo matricula_curso_nome_apelido1_apelido2.

**NOTA:** no caso de ter algunha dúbida ou problema pódese poñer en contacto coa oficina do centro mediante o correo electrónico iesriomino@iesriomino.gal / ies.riomino@edu.xunta.gal ou telefonicamente chamando aos números: **982 870 652/ 982 870 653.**